

Programa “Bolsas SANTANDER CRUE CEPYME Prácticas en Empresas”

N.º bolsas: 92

Prazo de solicitude: ata o 31/01/2018

A Universidade da Coruña, no marco do Programa “Bolsas Santander CRUE CEPYME Prácticas en Empresa” convoca as 92 bolsas que ten concedidas nos seguintes termos:

I.- Obxectivos

Os obxectivos que se perseguen son:

- Completar a formación universitaria do estudiantado e achegalo á realidade do ámbito profesional onde exercerá a súa actividade.
- Promover a realización de prácticas entre o estudiantado da UDC.
- Adquirir e mellorar as competencias profesionais, así como outras competencias transversais (versatilidade, capacidade de adaptación e de comunicación, autonomía persoal, toma de decisións, traballo en equipo...).
- Aumentar e reforzar a colaboración coa UDC para a realización de prácticas formativas de pemes, microempresas, autónomos, fundacións, ONG e demais asociacións e entidades sen ánimo de lucro.
- Facilitarlles ás pemes e demais entidades nomeadas a acollida de estudiantado en prácticas.

II.- Requisitos mínimos de obrigado cumprimento do estudiantado da UDC

Poderá ser admitido/a para participar nos procesos de selección das empresas de acollida neste programa o estudiantado universitario que cumpra os seguintes requisitos de obrigado cumprimento:

- Estar matriculado/a, no momento da solicitude e no da data de comezo da práctica, en calquera das titulacións da UDC ou nos centros adscritos nun grao ou mestrado (oficial ou propio), ou estar cursando estudos na UDC ao abeiro dun programa de mobilidade ou de convenios bilaterais.

- Ter superado o 50% dos créditos necesarios para obter o título de grao incluídos, como mínimo, todos os créditos de formación básica; no caso do estudiantado de mestrado, a porcentaxe anterior será do 30%.
- Non manter relación contractual de tipo laboral, de prestación de servizos ou asimilable ningunha con empresa, institución ou entidade, ou coa propia universidade ou centro adscrito desta.
- Non ter participado con anterioridade como estudante perceptor/a dunha bolsa dentro deste programa de prácticas.
- Non desfrutar —desde o día de inicio da práctica ata a súa finalización— doutra axuda ou bolsa formativa de características análogas a este programa.
- Estar inscrito/a no programa dentro do prazo en: www.becas-santander.com.

III.- Requisitos e obrigas das empresas e entidades de acollida

- Ser unha pequena e mediana empresa (peme), autónomo, microempresa, fundación, ONG ou unha asociación ou entidade sen ánimo de lucro e, no seu caso, situada no territorio nacional, sempre que poida formalizar un convenio de cooperación educativa coa Universidade da Coruña. Enténdese por peme a empresa con menos de 250 persoas traballadoras e cuxo volume de negocios anual non supere os 50 millóns de euros ou cuxo balance xeral anual non sexa superior a 43 millóns de euros.
- Asegurar os mecanismos e procedementos necesarios para a realización da práctica, así como a asignación á persoa bolseira dun/ha titor/a que forme parte da empresa e o deseño dun plan de formación e desenvolvemento de competencias profesionais.
- Estar inscrita como empresa e dentro do prazo en: www.becas-santander.com.
- Realizar unha contribución de 450 € dentro dos cinco días naturais desde que a Universidade lle comunique a asignación formal do/a bolseiro/a ou de cada unha das bolsas solicitadas, entendendo que nese mesmo momento acepta a asignación; en caso contrario, a asignación da(s) bolsa (s) anularase automaticamente. Este pagamento correspóndese co custo da metade de cada bolsa completa con duración de tres meses (o Banco Santander achega os 450 € da outra metade). A empresa

realizará o seu pagamento mediante transferencia á conta aberta para tal efecto no Banco Santander baixo a denominación de Programa “Bolsas Santander CRUE CEPYME Prácticas en Empresa”. Esta achega non ten o carácter de gasto susceptible de dedución fiscal.

- Realizar o proceso de selección da(s) persoa(s) bolseira(s) e colaborar na tramitación da documentación dunha forma áxil.
- Comunicar á UDC, con suficiente antelación, de calquera circunstancia que afecte á xestión destas prácticas ou, o máis rapidamente posible, se se trata do resultado do proceso de selección.

IV.- Características das prácticas

- **Duración:** a duración será de tres meses consecutivos a media xornada. En ningún caso, poderá levarse a cabo a realización das prácticas de maneira fraccionada, agás no suposto de interrupción da actividade empresarial da entidade de acollida por período vacacional, en cuxo caso se reiniciará unha vez finalizado este, ata completar os tres meses a media xornada, sen que por isto supoña en ningún caso incremento do importe da bolsa. A duración das prácticas poderá ser maior, a instancia da empresa, que será responsable da axuda económica correspondente ao periodo que exceda de tres meses a media xornada. Todo isto, nos termos que pacten os estudantes coa empresa, unha vez que finalice o periodo de prácticas inicial.
- **Período de execución:** as prácticas poderanse realizar en calquera trimestre ininterrompido dentro do período comprendido entre o 15 de febreiro e o 30 de setembro de 2018, con posibilidade de ampliación ata o 31 de decembro do mesmo ano logo da solicitude da Universidade á CRUE e da aceptación deste organismo.
- **Horario:** media xornada equivalente a 4 horas diarias en quendas de mañá ou tarde.
- **Pagamento da práctica:** farase efectivo na conta aberta no Banco Santander a nome da persoa que realiza a práctica.

V.- Contía da axuda económica

A bolsa por estudante será de 300€ brutos/mes durante tres meses. A este importe aplicaráselle a retención correspondente da cota patronal, IRPF e Seguridade Social. A percepción da bolsa ou axuda económica obxecto do programa será compatible con calquera outra axuda que o/a estudante poida obter da empresa de destino ou de calquera terceiro.

A persoa bolseira só percibirá o importe correspondente da axuda se rematou o mes. É dicir, que no caso de finalización do período de prácticas antes do período fixado a instancia da persoa bolseira, esta unicamente poderá recibir o importe da bolsa correspondente ás mensualidades completas durante as que realizase a práctica.

No caso de finalización do período de prácticas antes do período fixado a instancia da empresa, salvo que concorra unha causa xustificada e sexa comunicado á Universidade coa suficiente antelación, esta reservarase a posibilidade de reclamarlle a parte proporcional dos gastos fiscais ou de seguridade social de carácter legal que soportase durante o período de realización da práctica.

VI.- Procedemento de selección e xestión

- **Selección das empresas**

De entre as empresas inscritas na plataforma informática de *Santander Universidades* terán prioridade:

- Empresas (pemes), microempresas, autónomos, fundacións, ONG e demais asociacións e entidades sen ánimo de lucro que estean situadas dentro da provincia da Coruña e, de forma prioritaria, aquelas máis próximas aos campus da Coruña e Ferrol e concellos limítrofes.
- Entidades que asuman o compromiso de ampliaren os tres meses de duración inicial das prácticas ou de contratación laboral unha vez finalizadas.

- Vinculación das entidades co Banco Santander (relación comercial existente e/ou coa “Conta 123 Pyme” aberta) e co Banco Popular.
 - Entidades que teñan ofertas de prácticas con proxectos formativos especialmente axeitados ao estudantado con discapacidade.
 - Entidades que manteñan colaboración coa Universidade da Coruña ou centro adscrito.
 - As ofertas de prácticas de empresas *spin-offs* universitarias.
 - As ofertas de prácticas de empresas vinculadas ás cátedras de Empresa Familiar.
- A Universidade resérvase a posibilidade de deixar fóra deste programa as empresas que non cumpran cos obxectivos deste programa de prácticas.

- **Orde de prelación do alumnado**

Para establecer a orde de prelación do alumnado valoraranse os seguintes criterios:

- Nota media do expediente académico do grao ou titulación equivalente, incluídos os/as estudantes de mestrados (oficiais e propios).
- A adaptación da titulación ao perfil profesional das ofertas de prácticas.
- Adicionalmente, aquelas solicitudes procedentes de estudantado con discapacidade funcional recoñecida, logo da achega de certificación oficial.

- **Xestión das bolsas**

Corresponde ao Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante (SAPE) da UDC o desenvolvemento e a execución deste programa, a xestión e asignación das prácticas, xunto coa responsabilidade de coordinar e xestionar todos os procedementos internos para o seu axeitado funcionamento. No desenvolvemento deste programa, cómpre salientar os seguintes procedementos xerais:

- O SAPE publicará unha **listaxe provisional de persoas admitidas e non admitidas** no taboleiro electrónico da Universidade da Coruña. Para a elaboración desta listaxe aplícanse os requisitos mínimos de obrigado cumprimento (punto // desta convocatoria). Na listaxe de persoas non admitidas indícarase o motivo da súa exclusión provisional e abrírase un prazo de cinco días hábiles para presentar unha reclamación ante o propio SAPE do campus da Coruña ou no de Ferrol.

- Transcorrido este prazo, o SAPE publicará a listaxe definitiva de persoas admitidas no mesmo lugar en que se publicou a listaxe provisional. Contra esta resolución a persoa interesada poderá interpor un recurso de alzada ante o reitor no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da devandita resolución.
- O persoal xestor do SAPE seleccionará e valorará as empresas inscritas na plataforma informática do *Santander Universidades* segundo os criterios que se indican nesta convocatoria no punto VI. Procedemento de selección e xestión. Selección das empresas.
- O persoal xestor do SAPE enviará calquera información que proceda sobre o procedemento de xestión destas bolsas ao correo electrónico que as persoas candidatas facilitaran na súa ficha de inscrición na web www.becas-santander.com.
- Tras valorar as distintas ofertas de prácticas, o persoal xestor enviará ás empresas unha listaxe priorizada por nota media do expediente académico da titulación solicitada pola empresa de persoas candidatas coas que aquelas realizarán o proceso de selección que considere de aplicación no marco das súas políticas de selección de persoal para prácticas formativas.
- As adxudicacións da bolsas estarán sometidas ao resultado do proceso de selección por parte das empresas.
- As empresas deberán comunicar ao persoal xestor do SAPE os resultados dos seus procesos de selección o máis rapidamente posible coa indicación dos datos identificativos da persoa ou persoas seleccionadas, e coa posibilidade de engadir unha listaxe de agarda priorizada. Non se poderá adxudicar ningunha bolsa despois do 1 de xuño de 2018 (aínda que as prácticas se desenvolvan no verán). Esta comunicación farase ao correo: emprego.vepeu@udc.gal. A plataforma do Santander para formalizar a asignación das bolsas pecha o día 15 de xuño de 2018 e sen posibilidade ningunha de excepción.
- No caso de que estea seleccionada unha persoa por varias empresas, a adxudicación da persoa bolseira ás empresas farase por rigorosa orde de chegada ao mencionado correo electrónico da comunicación do resultado do proceso de selección.
- Tras serllo comunicado pola empresa, o persoal xestor do SAPE informa ao/á estudante seleccionado/a do resultado do proceso de selección a través do correo electrónico facilitado na súa ficha de inscrición neste programa. Á súa vez, o/a

estudiante seleccionado/a deberá comunicar ao persoal xestor do SAPE e, coa **maior brevidade**, a súa **aceptación** ou **non aceptación** da bolsa. Esta comunicación realizarase a través do correo electrónico: emprego.vepeu@udc.gal.

- Tras recibir a aceptación do/a estudante, o persoal xestor do SAPE deberá comunicar á empresa a **adxudicación da bolsa**. A adxudicación da persoa bolseira producirá os seus efectos desde o día da publicación da resolución reitoral de adxudicación. A partir desa data, cun prazo de cinco días naturais, a empresa deberá realizar o ingreso mediante transferencia á conta do Banco Santander creada *ad hoc* coa denominación Programa “Bolsas Santander CRUE-CEPYME Prácticas en Empresa”.
- O persoal xestor do SAPE deberá asociar na plataforma informática de Santander Universidades a empresa coa persoa bolseira e esta disporá de 48 horas para cursar a súa aceptación, de forma imprescindible, a través da páxina web: www.becas-santander.com.
- O persoal xestor do SAPE informará puntualmente e polo miúdo ás persoas seleccionadas de todos estes e outros trámites asociados ás prácticas.

VII.- Obrigas da persoa bolseira

- Será responsable da veracidade dos datos achegados. O seu incumprimento dará lugar á cancelación da bolsa e ao reintegro das cantidades percibidas.
- Informar á persoa titora académica designada polo seu centro de estudos e á persoa titora profesional designada pola empresa de calquera circunstancia que lle afecte nas súas funcións de titorización da práctica.
- Comunicar coa antelación suficiente e, segundo os casos, o máis rapidamente posible ao persoal xestor deste programa calquera circunstancia que lle afecte nas súas funcións de coordinación e xestión da práctica.
- Enviar ao/á titor/a académico/a a memoria final da práctica, para o que disporá dun mes de prazo tras a finalización da bolsa.

VIII.- Prazo de solicitude

- Estudantes: ata o 31 de xaneiro de 2018.
- Empresas: ata o 31 de xaneiro de 2018.

IX.- Interpretación

Calquera dúbida na interpretación desta convocatoria remitirase aos termos e condicións xerais do programa “Bolsas Santander CRUE-CEPYME Prácticas en Empresa” convocatoria 2017-2018 e ao Regulamento de prácticas académicas externas do estudiantado da Universidade da Coruña, sen prexuízo do previsto no parágrafo seguinte.

As actuacións administrativas dos diferentes órganos da UDC participantes neste procedemento serán recorribles, en canto se desenvolven no exercicio das súas competencias de dereito público, na forma prevista nos artigos 112 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o que se indicará nos acordos ou resolucións correspondentes e, no seu caso, de acordo coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

X.- Información

EmpregoUDC Ferrol

Edificio de Apoio ao Estudo

Campus de Esteiro

Teléfono: 981 33 74 00

Extensións: 3617, 3618, 3616

Correo: emprego.vepeu@udc.gal

EmpregoUDC A Coruña

Pavillón de Estudantes 1.º andar

Campus de Elviña

981 167 000

Extensións: 2901, 2916, 2903

A Coruña, 2 de xaneiro 2017

O reitor

Julio E. Abalde Alonso